

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL

MODIFICACIÓN PARCIAL RPT_ACTA Nº1

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe do Servizo de PAS:

José Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

Margarita Turnes Negreira (CCOO)

Alejandra Álvarez Silva (CCOO)

María del Carmen Rodríguez Prieto (CCOO)

José Estévez Vázquez (CCOO)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Carlos Román Lago (CIG)- Escusa ausencia

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Rita Velasco Graña (delegada sindical-CCOO)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

María Carmen García Mejjide (CIG)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 09:30h, do 26 de marzo de 2021 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta pendente da reunión anterior.
2. Proposta de modificación parcial da RPT de PAS Laboral.
3. Rolda de intervencións.



1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.

A xerenta indica que non constan alegacións á acta da reunión anterior polo que queda aprobada por unanimidade.

2. Proposta de modificación parcial da RPT de PAS Laboral.


A xerenta comeza a reunión dicindo que o motivo desta proposta de modificación, independentemente de que se está en trámites de funcionarización, é a conveniencia e a necesidade de executar a RPT publicada, con certas modificacións, convocar un concurso de traslados e unha vez que rematen os procesos selectivos, poder dar toma de posesión aos aspirantes que superaron os mesmos, para o que se necesitan uns axustes na RPT. O que propón é a suspensión do carácter de responsable dos postos que aparecían na RPT e non estaban adxudicados de xeito definitivo con anterioridade a esta RPT e tamén quitar as notas asignadas a postos con responsabilidades. Outra modificación que se propón é a reorganización da Área TIC volvendo a unha situación semellante á existente antes da publicación da nova RPT no 2016 e por último créase unha praza de ATSX no Campus de Ourense polo motivo do novo edificio do Campus da Auga.

Pablo Álvarez di que lle parece axeitado a creación da praza de Ourense pero en relación á reorganización da Area TIC non está de acordo con eliminar a organización existente.

O presidente do Comité de Empresa de Pontevedra di que non tiveron tempo a ver a proposta e reunirse, polo que nos vindeiros días terán unha xuntanza para facer a súa proposta. Quere lembrar tamén o prexudicial que resultou a RPT de 2016 para o persoal, de feito foi recorrida, aínda que os tribunais non fallaran ao seu favor.

O presidente do CEO di que esta modificación da RPT é forzada polas circunstancias, non é unha modificación “ao uso”. Aínda que entende que esta reunión é unha presentación da proposta de xerencia para debater nunha reunión posterior, adianta que ao seu xuízo, volver ao modelo de área TIC anterior á RPT publicada en 2016 é un erro, xa que esta área debe contar cunha estrutura e ademais que estivera antes do concurso de traslados. En relación á praza de ATSX do campus de Ourense lembra o ocorrido co goberno anterior, que se produciu unha amortización dunha praza debido a que a unidade administrativa ía ir ao Campus da Auga, pero iso nunca chegou a ocorrer. O que si ocorreu é que hai un contrato de obra nunha praza estrutural. Por outra banda, solicitan incorporar á modificación da RPT o edificio do Campus da Auga.

O presidente do CEPO fai referencia aos ATID xa que na proposta de funcionarización aparecen con dispoñibilidade horaria e na proposta da RPT non se reflicte, polo que solicita coherencia entre as dúas propostas. Parécelle oportuno que se inclúa na RPT a dispoñibilidade horaria e non ter que asinala cada ano. Aínda que o tratarán na reunión do Comité considera necesario que se manteña a quenda dos compañeiros e asignarlle o plus de dispoñibilidade horaria.



A xerenta conclúe indicando que queda á espera de que se reúnan os comités e acheguen as súas propostas á xerencia. Para non dilatar en exceso este proceso tentárase ter unha segunda reunión á volta das vacacións de Semana Santa polo que pide que a semana anterior envíen as súas contrapropostas para poder estudalas.


3. Rolda de intervencións.

José Manuel García Eirín pregunta polo procedemento de marcaxe de talles da roupa de traballo. Considera que o sistema non é moi axeitado xa pode haber erros ao cubrir o arquivo Excel enviado.

O Vicexerente de RRHH responde que o sistema efectivamente é mellorable pero pensouse neste procedemento para non dilatar en exceso a entrega da roupa deste ano. Tentárase nas vindeiras convocatorias facer un proceso máis áxil e seguro que permita marcar os talles sen erros.


E sen máis asuntos que tratar remata a sesión as 10:45.

A Xerenta



Raquel M. Souto García

O Presidente do CEPO



Marcos Estévez Orge

O Presidente do CEO



Luís Pérez Gómez

